

## VII XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

4 de XUÑO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 7ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 4 de xuño de 2022**, en xornada de mañá na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas con ficha pola F.G.A ó longo da tempada actual (2022) e que pertencen ás categorías **sub-16 ata máster**.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas.

**Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

**Art. 3.**

### HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO XAVELINA	11:00	300 mv
<b>2000m obstáculos</b>	11:10	LANZAMENTO XAVELINA
600m	11:25	<b>2000m obstáculos</b>
800m	11:35	600m
	11:45	800m
	11:50	
<b>TRIPLE SALTO</b>	11:55	1500m
1500m	12:00	<b>TRIPLE SALTO</b>
	12:05	
100 ml	12:20	100 ml
	12:35	
400 ml	12:50	400 ml
<b>SALTO ALTURA</b>	13:00	
	13:15	<b>SALTO ALTURA</b>
100 mv (0.91)	13:30	100 mv (0.76)
110 mv (0.91-1.99-1.06)	13:40	
<b>4*100m</b>	14:00	4*100m

**Art. 4. Participación:**

- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.
- Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou o da súa categoría ou o absoluto. Os artefactos homologarase ata 70' antes da celebración da proba.
- As táboas de triple situarase a 8-10-13m.

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS OU CADENCIA
TRIPLE SALTO	8+8	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros/as
LANZAMENTO XAVELINA	8+8	4 tentativas + 2 mellora para 3 primeiros/as
SALTO ALTURA	6+6	1.20-1.30-1.35-40-45-50-53.....

**Art. 5.** Nas probas de carreiras indicase a mellor marca. Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6.** Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso.

**Art. 7.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h conlevan a tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 8.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 9.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 23 de maio de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

**PATROCINA:**



**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

